

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 11 de decembro de 2015

Ás 11:17 horas do día 24 de novembro de 2015, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Asistentes:

Araújo Figueroa, Isaac Borja

Fernández Acevedo, Rafael

López Rodríguez, Alba

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Rodríguez, Emma

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Excusan asistencia:

Arias Martínez, María Antonia

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.Excusan asistencia:

2.1.- A Decana informa sobre a **convocatoria das Bolsas de colaboración**. Segundo o calendario enviado polo negociado de bolsas, entre o 22 e 23 de decembro nos enviarán a documentación relativa aos diferentes candidatos/as. Antes do 7 de xaneiro (en pleno período vacacional) debemos facer a selección a nivel interno para enviala de novo a tal negociado e así garantir que os novos/as bolseiros comecen a colaborar o día 1 de febreiro.

2.2.- A Decana informa que a pasada semana constituíuse a **Comisión de calidade da Universidade**. Na primeira reunión da mesma, ademais de aprobar o logo/distintivo para os centros que teñen o sistema de calidade certificado, plantexouse unha proposta ambiciosa de política de calidade da UVigo. Nesa reunión a Decana comunicou unha queixa formal en tal reunión pola falta de recursos totalmente incoherente coa sinalada ambición. Neste punto, a Decana considera que na vindeira reunión da Xunta de Facultade deberíamos facer (unha vez mais) unha petición expresa dunha persoa funcionaria para levar o control administrativo de tódalas cuestións de calidade.

Compromiso: Facer a solicitude de persoa funcionario fixo para materias de calidade na vindeira Xunta de Facultade.

Prazo: vindeira Xunta de Facultade (prevista para o 15 de decembro). Levar como punto da orde do día.

3.- Adopción de acordo sobre a modificación da normativa específica para a simultaneidade do grao en ADE e o grao en Dereito (Campus de Vigo).

A Decana informa que esta normativa está sendo obxecto negociación no seno da comisión de coordinación do programa de simultaneidade. En dita normativa, plantéxase unha coordinación rotativa por 3 anos. Ademais, outra cuestión importante, é contemplar certas especificidades do TFG (6 ECTS grao en Dereito e 12 en ADE) e certas variacións do programa de estudos para axustar a carga docente ao máximo previsto por ano académico.

A Decana solicita a confianza da Comisión de Calidade do noso Centro para defender esta normativa na reunión que terá lugar hoxe mesmo.

4.- Aprobación, se procede, do informe de revisión pola dirección (antigo informe anual) 2015/2016.

A Decana incide na importancia de que consten como accións de mellora as Non conformidades maiores previstas polo equipo auditor no informe de certificación. Ademais, no que atinxe a Non conformidade maior relacionada co PA07, convén falar coa Área de Calidade para que nos indiquen, exactamente, a que se refire o equipo auditor.

O Coordinador de Calidade informa que as doce oportunidades para a mellora indicadas polo equipo auditor compendiáronse en tres medidas concretas que figuran destacadas no informe así como no plan de melloras anexo ao informe. Ademais tales medidas tamén se trasladaron aos PAM dos diferentes títulos que van a acreditación. Non obstante, terase que revisar si as Non conformidades maiores teñen unha acción de mellora concreta aparelada (sexa de carácter institucional ou do propio Centro). Ademais, tal Coordinador, pon de manifesto a falta de tempo material e de medios para desenvolver esta labor.

Así mesmo, a Decana considera que sería conveniente que o equipo Decanal así como as responsables de relacións internacionais se reuniran para completar algo o informe. En particular, sería interesante facer mención a aspectos como melloras en infraestruturas, oferta formativa, xestión dos TFG, datos de mobilidade, etc.

Apróbase cunha Delegación ao equipo Decanal para mellorar o informe (en particular: recoller logros efectivos que aínda non están plasmados no informe e engadir ao PAM as non conformidades sinaladas no informe de certificación).

<p>Compromiso: Reunión do equipo Decanal e completar o informe.</p>
--

<p>Prazo: antes da vindeira Xunta de Facultade (prevista para o 15 de decembro)</p>
--

5.- Aprobación, se procede , do autoinforme de seguimento e PAM definitivos do Grao en Dereito.

Apróbase con delegación para verificar que se teñen plasmado como accións de mellora ás observacións do equipo auditor.

6.- Aprobación, se procede , do autoinforme de seguimento e PAM definitivos do Máster en Menores.

Apróbase con delegación para verificar que se teñen plasmado como accións de mellora ás observacións do equipo auditor.

7.- Aprobación, se procede , do autoinforme de seguimento e PAM definitivos do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

Apróbase con delegación para verificar que se teñen plasmado como accións de mellora ás observacións do equipo auditor.

8.- Aprobación, se procede , do informe de acreditación e PAM definitivos do Grao en RRL e RRHH.

Apróbase con delegación para verificar que se teñen plasmado como accións de mellora ás observacións do equipo auditor.

9.- Aprobación, se procede , do informe de acreditación e PAM definitivos Máster en Avogacía.

Apróbase con delegación para verificar que se teñen plasmado como accións de mellora ás observacións do equipo auditor.

10.- Rolda de intervencións.

Rafael Fernández Acevedo e Francisco Torres informan sobre o extraordinario compromiso e Ángel Rodal (PAS contratado para apoio de calidade e que finaliza o contrato o vindeiro 14 de decembro) así como dos bolseiros de calidade que finalizaron o seu contrato o día 30 de novembro. A Decana agradece públicamente este compromiso e considera oportuno engadir, tal e como se avanzou no apartado informes, un punto na orde do día da vindeira Xunta de Facultade para solicitar un apoio estable nestas tarefas. Ao fío dese punto, tamén realizarase un agradecemento público na Xunta de Facultade tanto ás persoas citadas como ao PAS de apoio aos mestrados.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:27 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez